

Nesta reunión abordáronse os seguintes temas:

Concursos de traslados: Pedimos que no ámbito da DGP se duplicaran os concursos anuais. O Ministerio dixo que non ten capacidade para xestionalos pero si os vai duplicar en servizos centrais. Tamén reclamamos que se convoquen todos os postos ocupados en comisión de servizos para que poida optar a súa cobertura todo o persoal.

Convocatorias pendentes: DGP convocará a mediados de febreiro o concurso específico que debería resolverse no mes de xuño. En canto ao concurso xeral, ten previsto convocalo no mes de xullo.

Formación: xa está negociado o Plan de Formación 2025 do Ministerio. Neste aspecto, temos que destacar que houbo predisposición por parte do Ministerio para chegar a acordo e así se fixo.

Acción Social: rematouse a negociación do Plan de Acción Social 2025. As principais novidades son:

- Redución a 8 dos tramos de renda que se usan para saber que porcentaxe das axudas pode percibir cada traballadora ou traballador.
- Nova axuda para persoas con Celiaquía
- Nova axuda por nacemento de fillos. Será incompatible coa percepción de calquera outra axuda percibida por este motivo.
- Nova axuda por estudos de Grado Medio.
- Aumento do importe das axudas sanitarias por compra de audífono e por cambio de dentadura completa.

Produtividade: no 2025 vólvense percibir os importes de produtividade por obxectivos de 2023. Hai que solicitar á Dirección Xeral de Costes que autorice o crédito para poder pagar as contías de 2024.

Lembramos que a CIG non asinou este acordo entre outros, por este motivo. Non quedou garantido que se consolidaran os aumentos. Tamén pedimos que se reuna a comisión de seguimento da produtividade.

A Garda Civil está elaborando unha nova orde de produtividade pero non deu máis información sobre a mesma.

Cadro de persoal (RPT): tanto a Garda Civil como a Policía están facendo un estudo para determinar o número e tipos de postos vacantes e as necesidades reais de persoal que hai actualmente de cara a pedir máis persoal na oferta de emprego público do 2025.

Contratación de persoal interino: a CIG pediu que as prazas vacantes de Galicia se cubran por concurso e non se contrate persoal interino por existencia de vacante.